


Sede Central
Rúa Modesto Brocos 7. Bloque 3, baixos
15704 Santiago de Compostela. A Coruña
T 981 574 698
accesibilidade@cogami.gal

Delegación de Pontevedra
Avda. do Rebullón s/n, Puxeiros
36416 Mos, Pontevedra
T 986 487 925
accesibilidade@cogami.gal

www.combinasocial.es



COGAMI
EMPRESARIAL



CONSULTORÍA DE ACCESIBILIDADE

**Creamos, deseñamos e favorecemos contornas accesibles,
CONSTRUÍNDOLAS PARA TODAS AS PERSOAS!**



En COMBINA SOCIAL levamos dende 2003 contribuíndo a facer accesibles os espazos urbanos e as edificacións, asesorando sobre produtos de apoio e lexislación referente, para eliminar as barreiras arquitectónicas conforme aos principios do deseño universal. Desenvolvemos actividades de consultoría, formación e plans de mellora da accesibilidade

POÑEMOS EN VALOR A EXPERIENCIA DA PERSOA USUARIA

Máis aló da lexislación e normalización vixentes, están as persoas e a súa relación coa contorna. De aí a necesidade de que todas as persoas contemos con espazos, produtos, servizos e información que funcionalmente proporcionen as mesmas posibilidades de acceso e uso.

A experiencia de 3.000 consultas atendidas, 50 plans de accesibilidade, máis a posibilidade de realizar comprobacións baseadas na propia vivencia da persoa, aportan unha perspectiva que complementa substancialmente o traballo de asesoramento.

SERVIZOS

Asesoría e consultoría

- **Asesoramento continuado** en temas como a interpretación da normativa de accesibilidade e a aplicación en casos singulares, materiais, axudas técnicas, distribución de espazos urbanos e edificios,... co obxecto de facer compatible a accesibilidade co deseño. Dirixido especialmente ás administracións públicas e empresas.
- **Asistencia técnica** dende o comezo do desenvolvemento do proxecto, revisión do proxecto redactado, seguimento de obra e informe de fin de obra, resolvendo dúbidas e aportando recomendacións en todo o proceso.
- **Adaptación de postos de traballo.** Realizamos proxectos de ergonómia e accesibilidade da contorna laboral.
- **Peritaxe técnica.** Información técnica en situacións de discrepancia.
- **Proxectos de sinalización** de edificios públicos mediante pictogramas e outros elementos (deseño e ubicación).

Formación e concienciación

Impartimos formación especializada en accesibilidade e deseño universal a través de tres tipos de accións:

- Accións formativas, individuais ou integradas noutros cursos.
- Obradoiros de experiencia.
- Accións de sensibilización.

Plan de Accesibilidade

Planificamos a mellora da accesibilidade en espazos públicos (urbanizados, sendas verdes, percorridos turísticos...) e en edificios (sedes administrativas, centros comerciais, complexos hostaleiros, instalacións industriais ou vivendas), propoñendo e priorizando solucións accesibles.

Todos os traballos realízanse conforme á lexislación vixente, cunha proposta válida para procesos posteriores de certificación.

Ofrecemos tres tipos de alcance:

- Plan Director de Accesibilidade.
- Plan de Accesibilidade para unidades de edificación e/ou urbanización.
- Plan de Accesibilidade para a prestación de servizos.